

**Don Manuel Ángel Leis Míguez, Alcalde – Presidente do Concello de Negreira, na Provincia de A Coruña**

Tras resolución da Deputación Provincial da Coruña, no seu BOP nº41 do 2 de marzo de 2022 publica a convocatoria para o programa de Socorrismo dirixido a concellos de menos de 50.000 habitantes do interior da provincia da Coruña durante o exercicio 2022. Tras notificación de Resolución favorable pola publicación do BOP nº86, do 6 de maio de 2022, e considerando as facultades que me outorga o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e demais disposicións concordantes e de aplicación.

Tendo en conta a importancia da contratación ofertada de cara a piscina municipal e a problemática existente pola escasez de socorristas con carnet de socorrismo vixente.

**EXPEDIENTE: 2022/G003/000187**

**RESOLVO:**

**Primeiro:** Ampliar o prazo para a presentación de solicitudes aprobado por decreto de Alcaldía nº 170/2022 con data 2/06/2022 relativo as bases para a contratación de 1 socorrista de persoal laboral a xornada completa para o programa de socorrismo do Programa FOO23B/2022 dirixido a concellos da provincia da Coruña durante o exercicio 2022 ata o vindeiro martes 14 de Xuño de 2022.

**Segundo:** Dar conta deste acordo ó Pleno na próxima sesión ordinaria que se celebre.